

I BTT SOLIDARIA
CONCELLO DE BOBORÁS
(OURENSE)
ANO 2017

Data de celebración: Domingo 18 de xuño de 2017

Hora: 9.30 horas

Organiza: Concello de Boborás

REGULAMENTO XERAL

- 1.-A saída darase diante do CEIP Nosa Señora de Xuvencos ás 9.30 horas.
- 2.-A liña de meta estará situada pola parte traseira do CEIP Nosa Señora de Xuvencos.
- 3.-Os participantes deberán de situarse no punto de saída 20 minutos antes do comezo da proba.
- 4.-Os participantes deberán de inscribirse todos na páxina web www.championchipnorte.com, antes do día luns 12 de xuño ás 15.00 horas. Os deportistas inscritos poderán comprobar o listado de inscrición na web www.championchipnorte.com, inmediatamente ó finalizar correctamente o proceso de inscrición e a lista definitiva a partir do día 12 de xuño.
- 5.-Cada participante deberá de aboar a cantidade de 14 euros, máis un 1 euros máis polo aluguer do chip.

6.-A entrega de dorsais e chips farase no día sábado 17 de Xuño de 16:00 a 20:00 h e no día da proba entre as 8:00 e as 9:00 h. O lugar de entrega de dorsais e chips será no pavillón municipal. O chip deberá atarse na zapatilla ou no tobillo.

7.-O chip deberá entregarse ao remate da proba, ao atravesar o arco de meta, evitando o seu deterioro ou extravío.

8.-É obrigatorio o uso de casco para todos/as os/as participantes na proba.

9.-O percorrido total será de 39,86 km, os cales estarán debidamente sinalizados e controlados pola organización.

10.-Haberá dos puntos de avituallamento líquido-sólido.

11.- O control de chegada pechará 2.5 horas despois de que entre o primeiro participante.

12.- Haberá unha clasificación feminina e masculina absoluta, con trofeos para os tres primeiros clasificados de cada unha delas. Tamén haberá dous trofeos de honra para o participante de máis idade que remate a proba, así como para o máis novo.

13.-Tódolos participantes recibirán un agasallo conmemorativo no momento da recollida da dorsal.

14.-A organización contará coa colaboración dos organismos municipais e oficiais correspondentes.

15.-Está prohibido o acompañamento dos participantes por persoas ou vehículos de axuda. O incumprimento desta norma implicará a descalificación inmediata.

16.-Non poderán participar na proba menores de idade.

17.-A organización non se fai responsable dos gastos que se poidan ocasionar no material e bicicletas dos participantes durante a duración do evento, nin roturas, nin perdas, nin do

roubo dos mesmos, nin dos obxectos persoais dos participantes.

18.-Da cota que se cobra de inscrición, a metade 7 euros, serán destinados a Asociación Española Contra o Cancro, na súa delegación de Ourense, para a investigación desta enfermidade. A entrega da contía recadada será entregada o mesmo día da proba a un/unha representante da entidade beneficiaria.

19.-Cada atleta pode realizar o percorrido correspondente, co fin de coñecelo, antes da data de proba. A organización facilitará as indicacións pertinentes a quen as solicite, e non se responsabilizará das perdas ou confusións nas rutas e outros problemas derivados.

20.-A ruta transcorre puntualmente por estradas e camiños asfaltados polo que en todo momento deberanse de respectalas normas de tráfico e de seguridade viaria establecida nas mesmas.

21.-A entrega de trofeos e medallas terá lugar no pavillón municipal (situado ao lado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos) ás 14.00 h aproximadamente.

22.-Ao remate da proba, tamén no pavillón municipal, haberá avituallamento final de líquidos e sólidos para tódolos participantes. Os participantes que o desexen tamén poderán ducharse e asearse, aínda que non se garantiza a auga quente para todos ao ser un sistema por acumulación.

INFORMACIÓN DA PROBA:

Concello de Boborás (Rúa Cristóbal Colón, s/n -32514
Boborás- Ourense)

Tlf: 988402008 E-mail: cultura@boboras.org